Acta da sesión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do día 24 de xaneiro de 2025

[JCCP/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes,** o día **24 de xaneiro de 2025, ás 10:35 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
José Manuel Mato Díaz
(Vicepresidente en funcións de presidente)
María Dolores Hermelo Piñeiro
(en substitución de María Encarnación Amigo Díaz)
(Vicepresidenta en funcións)
Montserrat Valcárcel Armesto
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Enrique Barreiro Sánchez
Cristina Campero Dorado
Ángel Rodríguez Conde
Gonzalo Trenor López
(en substitución de Juan Manuel Casares Gándara)
Katherinie Varela Fernández
(en substitución de Nicole Grueira Fernández)
Cecilia Vázquez Suárez
Miguel Ángel Viso Diéguez

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Secundino Fernández Fernández
Ariadna Fernández González
Sonia Vidal Lamas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Paloma Castro Rey
(en substitución de Lara Méndez López)
María del Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

O presidente en funcións abre a sesión e rógalle a secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución así como as substitucións pertinentes. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto único. Proposicións non de lei

1.1 9606 (12/PNC-000934)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que siga intensificando as axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños rurais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 78f1, do 06.09.2024
Publicación do acordo, BOPG n.º 149, do 31.01.2025

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 18229), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

A continuación concédelle a palabra ao **señor Barreiro Sánchez, Enrique (P),** quen pasa a expoñer os motivos polos que o seu grupo parlamentario presentou esta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que se conteñen na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Vidal Lamas, Sonia (BNG),** para explica o sentido da súa emenda, logo de matizar algunhas das argumentacións expostas polo propoñente.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes interveñen o **señor Ojea Bouzo (M)** e a **señora Rodríguez Dacosta (S),** ambos intervenientes, logo de expoñer as súas argumentacións á respecto da proposta defendida, anuncian o voto favorable dos seus respectivos grupos.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, o **señor Barreiro Sánchez, Enrique (P)**, tras incidir na importancia da iniciativa e agradecer o apoio amosado á mesma, explica as razóns polas que non acepta a emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

1.2 13184 (12/PNC-001251)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

PARLAMENTO DE GALICIA

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central referida ao desenvolvemento de medidas para reducir a sinistralidade no uso dos tractores agrícolas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 106f1, do 23.10.2024
Publicación do acordo, BOPG n.º 149, do 31.01.2025

O **señor Viso Diéguez, Miguel Ángel (P),** explica os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, interveñen o **señor Ojea Bouzo, Armando (M)** seguido da **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** ambos intervenientes amosan o voto favorable dos seus respectivos grupos parlamentarios, tras expoñer as súas argumentación á respecto da devandita proposta.

Nesta mesma rolda a **señora Fernández González, Ariadna (BNG),** expón diferentes consideracións a respecto das intervencións dos voceiros que a precederon no uso da palabra.

Na rolda de puntualizacións o **señor Viso Diéguez, Miguel Ángel (P),** agradece o apoio amosado polos GG.PP Mixto e dos Socialistas de Galicia, logo de matizar algunha das afirmacións expostas pola voceira do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

1.3 14520 (12/PNC-001418)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de impulsar a I+D+i no ámbito agrario e forestal arredor do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán e doutros centros de Pontevedra relacionados co sector
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 118f1, do 20.11.2024
Publicación do acordo, BOPG n.º 149, do 31.01.2025

A Presidencia, previamente, comunica que o G.P. dos Socialistas de Galicia presentou unha emenda de adición a esta proposición non de lei (doc. núm. 18228), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Bará Torres, Xosé Luis (BNG)**, quen procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

En rolda de grupo parlamentario emendante intervén a **señora Castro Rey, Paloma (S),** para explica o sentido da súa emenda, tras expoñer diversas consideracións a respecto da proposta formulada e anunciar o apoio do seu grupo á mesma.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de grupo parlamentario non emendande - *o señor Ojea Bouza (M) declina facer uso da palabra*- intervén o **señor Rodríguez Conde, Ángel (P**), quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada considera que este non é o foro mais adecuado para tratar este tema.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada o **señor Bará Torres, Xosé Luis (BNG),** tras incidir na importancia da iniciativa, critica a intervención do voceiro do grupo maioritario e argumenta as razóns polas que non a vai aceptar do G.P. dos Socialistas de Galicia

1.4 15289 (12/PNC-001488)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 6 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxectivo de que atenda as propostas e recomendacións do Consello da Cultura Galega no proceso de tramitación das autorizacións ambientais e de concesión de augas para a instalación de Altri en Palas de Rei
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 130f1, do 12.12.2024
Publicación do acordo, BOPG n.º 149, do 31.01.2025

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Fernández Fernández, Secundino (BNG),** que pasa a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** que pasa a argumentar as razóns da súa abstención nesta proposta.

Deseguido intervén a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)**, para posicionarse a favor da devandita proposición non de lei.

Nesta mesma rolda o **señor Trenor López, Gonzalo (P),** deixa constancia das súas argumentacións á respecto da iniciativa, logo de amosarse en desacordo con moitas das afirmación realizadas polo propoñente.

Na rolda de puntualizacións, o **señor Fernández Fernández, Secundino (BNG)**, tras incidir na importancia da iniciativa, critican a intervención do voceiro do grupo maioritario e as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA

1.5 15513 (12/PNC-001510)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia para afrontar a praga do nematodo do piñeiro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 135, do 02.01.2025
Publicación do acordo, BOPG n.º 149, do 31.01.2025

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei o G.P. Popular de Galicia presentou unha emenda de substitución (doc. núm. 18230), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra á **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)**, que procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se cita.

A continuación intervén o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** para posicionarse a favor da devandita proposta.

A Presidencia, logo de pedir desculpas por este erro na orde de intervención, abre a rolda do grupo parlamentario emendante, na que intervén a **señora Campero Dorado, Cristina (P),** para explicar o sentido da súa emenda, logo de amosar diversos desacordos coa intervención da propoñente e considerar que a verdadeira praga é o goberno de Pedro Sánchez.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes intervén a **señora Valcárcel Armesto, Montserrat (BNG),** quen, tras matizar algunhas das argumentacións expostas, xustifica o apoio do seu grupo parlamentario a esta iniciativa.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)**, rógalle á voceira do G.P. Popular de Galicia que retire o termo "praga" referido ao goberno de Pedro Sánchez e, ante a negativa desta, rógalle ao presidente en funcións da Comisión que o retire el, ao que lle responde que iso é unha opinión.

A propoñente remata a súa intervención incidindo na importancia da iniciativa polo que se amosa moi critica coa intervención da voceira do grupo maioritario e explica as razóns polas que non acepta a súa emenda.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

PARLAMENTO DE GALICIA

1 9606 (12/PNC-000934), do **G.P. Popular de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **aprobado pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir intensificando as axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais.»

2 13184 (12/PNC-001251), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... 12
Votos en contra: 0
Abstencións: 5

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España que desenvolva medidas dirixidas a reducir a sinistralidade asociada ao envorco de tractores agrícolas, co obxecto de garantir a seguridade e o benestar dos nosos profesionais e avanzar cara a unha agricultura máis segura e sostible.»

3 14520 (12/PNC-001418), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

4 15289 (12/PNC-001488), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 1

5 15513 (12/PNC-001510), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **rexeitado** por:

PARLAMENTO DE GALICIA

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Presidenta agradece aos presentes o seu traballo na Comisión e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:15 horas.

José Mato Díaz

Firmado digitalmente por José Mato Díaz
Nombre de reconocimiento (DN): cn=José Mato Díaz, email=jose.mato.diaz@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.02.25 13:12:00 +01'00'

V. e pr.
José Manuel Mato Díaz
Presidente en funcións da Comisión

Montserrat Valcárcel Armesto
Secretaria da Comisión

Montserrat Valcárcel Armesto

Firmado digitalmente por Montserrat Valcárcel Armesto
Fecha: 2025.02.25 12:30:12 +01'00'